

A miña experiencia

Esta historia vai trata r sobre miña experiencia co galego.

Nacín aquí en Lugo, non falaba galego e tampouco sabía que aquí falan dúas linguas porque só viña nos veráns e falaba castelán.

No 2020 vimos a vivir aquí e en dous anos quedei exenta, non entendía o galego, nos meus 3 anos tiveron reforzo e a verdade axudoume moito porque empezabamos de cero, neses anos empecei a falar un pouco o galego cos meus amigos, que eles tampouco o falaban e parecíame raro e eu tampouco o seguín falando porque tiña medo de pronunciar mal.

En 2º eso tiveron un moi bo profesor porque axudoume moito xa que ese ano xa non estaba exenta e a miña nota era a máis alta nesa clase e fixemos actividades para falar máis en galego.

Xa cheguei a 3º eso e xa non teño reforzo, dou o que dan os meus compañeiros e ao principio foime difícil pero despois empecei a adaptarme pouco a pouco e sempre intento participar en calquera actividade para mellorar

A verdade é un orgullo para min de poder escribir en galego porque gústame aprender linguas e cousas novas.

E SEMPRE DIG: SE QUERES PODES

Douaa,Attouch El kamouni, 3º ESO

O poema da Araña

Había unha gran araña
que non sabía tecer
e foi a clases de costura
para poder aprender.

Ela tecía todos os días
na súa casaña
a súa propia teña
coas súas maniñas.

Sheila Dobarrio Petre 3º ESO

Poema do Nadal

A neve cae suave, nun manto que brilla,
onde as luces de Nadal a noite iluminan,
onde o frío do inverno ao calor domina,
onde a vida é un regalo que os nenos gritan.

As estrelas brillan e a noite iluminan,
no parque da aldea onde os nenos se animan,
onde a dor se cura, e a tristeza expira
onde a vida é unha viaxe, que o corazón destina.

As estrelas brillan e a noite iluminan,
onde o día se esvaece e a escuridade se aveciña
onde a vida é unha viaxe que o corazón destina.
onde como sempre o Nadal é unha alegría.

Onde os nenos xogan e os pais brindan
onde o Nadal sorrí e os trasnos miran
onde os pratos rebosan e a árbore ilumina
onde como sempre o Nadal é unha alegría.

Nicolás Fernández Vázquez 3º ESO

POEMA DO VERÁN

O verán, o mellor do ano
xogarás cos teus amigos
e quedaréis durmidos

O verán, o mellor do ano
poderás ir de vacacións
e desfrutarás un montón

O verán, o mellor do ano
poderás ir á piscina
pero tamén coa familia.

O verán, o mellor do ano
adoras cando empeza
pero odias cando termina

Nicolás Fernández Vázquez 3º ESO

POEMA DE LUGO

En Lugo, terra de encanto e sol,
ríos cantan, montañas no seu esplendor,
prados verdes, a vida no seu esplendor,
fauna e flora, en harmonía e cor.

Muralla antiga, firme e leal, protexe á
xente, risas no seu portal,
sinxelo e vital, goza da beleza en paz

Lugo, cidade de Galicia e a súa esencia,
natureza viva, en pura presenza.
Vive con alegría, en plena conciencia
un lugar único de pura excelencia.

Pablo Rego Veigas, 3º ESO

POEMA DA ARAÑA

A araña chega tecendo as súas teas que recolleu
moitos insectos agora forman parte dela.

A súa tea píllaos porque é tecedora,
queremos queixarnos pero non podemos,
non podemos queixarnos.

Mergullado nun mar de fíos
loitando por saír da corrente forzada
como un galo loitando contra unha aguia
sabendo que esta é máis forte,
pero non nos podemos queixar.

Sete mil kilómetros da niña terra

Despídome de ti,
Terra das verdes paisaxes
Despídome de ti
dos animais salvaxes

Despídome de ti,
grandes acantilados
Despídome de ti,
Meus queridos cernícalos

Despidome de ti,
Mar frío do Norte
Despídome de ti
tanto na vida como na morte

Despídome de ti,
con bágoas marchó
Despídome de ti
xa só me queda un cacho

Despídome de ti,
ela xa está desperta
despídome de ti
vou darlle unha aperta

Despídome de ti
pensando no noso pasado
Despídome de ti
sen esperanza do futuro

Despídome de ti,
o buque vai partir
Despídome de ti,
non sei si volverei vir

Despídome de ti
por se acaso levarei
Despídome de ti
Co recordo de aquí

Despídome de ti,
os meus coidaran
Despídome de ti,
Eu quero me quedar

Despídome de ti
Recordareite aínda que lonxe esteas
Despídome de ti
A sete mil kilómetros da miña terra

Diego Alejandro González López, 3º ESO

UNHA TRISTE REALIDADE

Din que para ter parella,
debes ter paciencia,
pero non creo nesa falacia,
isto é coma unha estrela

Que brilla sen necesidade do sol,
aínda que máis aló da súa perfección,
que estivese namorada por certas razóns,
ata que cansara e se fora cunha flor.

Ao principio estiveron radiantes,
pero interpoñéronse rosas con espiñas,
e finalmente decatouse do deslumbrante.

Que non era prioritario sufrir por amor,
aínda que lle falte moito por aprender,
cre posíbel curar a súa dor.

Mikel Elian Pérez Medina 3º ESO